

Protocolo análise triquina

RECOLLIDA, ALMACENAMENTO E ENVÍO DAS MOSTRAS

Exclusivo federados

CONTACTO LABORATORIO

LABORATORIO AMSLAB

Rúa do Vidro, 117D Parcelas 3-6 – 27003 LUGO
Tlfno. 986 202 089 – 604 049 623
E-mail: recogidas@ams-lab.com
Horario de entrega de mostras presenciais: De 9 a 16 horas

TIPO DE MOSTRA

A mostra a recoller debe ser o
DIAFRAGMA e/ou a LINGUA

CANTIDADE DA MOSTRA

Mínimo 50gr.

ALMACENAMENTO E CONSERVACIÓN DA MOSTRA:

1. A mostra recollida introducirase nunha bolsa zip (tipo bolsa de conxelados con cerre).
2. Deberá conservarse en frío nunha neveira convencional, a unha **temperatura entre 4 e 8°C, durante un tempo máximo de 5 días** ata o seu envío ao laboratorio ou á federación.
3. Nunha etiqueta, que se adherirá á bolsa zip que conteña a mostra, deberán reflectirse os datos identificativos do federado e do animal: **nome e apelidos do cazador, nº de precinto do animal e nome do Tecor** onde se recolleu a mostra.

DOCUMENTACIÓN A REMITIR COA MOSTRA:

Coas mostras obxecto de análise o federado deberá achegar a seguinte documentación:

1. **FICHA DE ALTA DE CLIENTE E ORDE DE DOMICILIACIÓN SEPA:** Ámbolos-dous documentos, cumprimentados e asinados, deberán remitirse naqueles casos nos que o federado remita as mostras directamente ao laboratorio. Enviaranse unicamente coa primeira mostra, nas sucesivas non serán necesarios (agás no caso de modificación de datos) nin tampouco serán necesarios cando as mostras se entreguen directamente na federación.
2. **SOLICITUDE DE ENSAIO** (test request form): **Remitirse obrigatoriamente con tódalas mostras que se envíen para a súa análise**, indistintamente de que o federado a envíe directamente ao laboratorio ou a entregue na federación, debendo cumprimentarse tódolos datos: solicitante (federado), descrición da mostra (diafragma e/ou lingua), referencias da mostra (nº de precinto), tipo de análise (detección de triquina), así como indicar o nº de licenza federativa da FGC no apartado de observacións, e asinarse.

OS DOCUMENTOS ANTERIORES UNIRANSE Á BOLSA ZIP QUE CONTÉN AS MOSTRAS, por exemplo introducíndose nun sobre que se grampará á bolsa zip.

FORMA DE ENVÍO DAS MOSTRAS AO LABORATORIO:

1. MOSTRAS INDIVIDUAIS (enviadas polo federado directamente ao laboratorio):

- **IMPORTE DA ANÁLISE:** 17,28 €/mostra + 15 €/portes (opcional).
- **FORMA DE PAGO:** Domiciliación bancaria (adeudo na c/c facilitada na orde de domiciliación SEPA).
- **ACREDITACIÓN DO FEDERADO:** Para acollerse ao desconto o federado deberá indicar o seu nº de licenza federativa no apartado de observacións da "Solicitud de ensaio".
- **ENVÍO DA MOSTRA:** Unha vez recollida a mostra, que deberá almacenarse, conservarse e conter os datos identificativos do xeito indicado no apartado anterior de "Almacenamento e conservación da mostra", **o federado poderá optar por levalas persoalmente ou polos seus propios medios ao laboratorio AMSLAB, ou por utilizar o servizo de recollida que o laboratorio pon á súa disposición co custo anteriormente indicado, debendo contactar neste caso con AMSLAB para solicitar a recollida, preferentemente no E-mail recogidas@ams-lab.com ou, de non ser posible, no tlfno. 604049623, indicando o enderezo de recollida e un teléfono de contacto**, podendo solicitarse nese momento ao laboratorio os formularios necesarios, indicados no apartado anterior "Documentación a remitir coa mostra", que posteriormente enviaranse xunto coas mostras (os formularios tamén están a disposición dos federados en tódalas sedes da FGC).

2. MOSTRAS AGRUPADAS DUN OU DE VARIOS FEDERADOS (enviadas directamente ao laboratorio):

- **IMPORTE DA ANÁLISE:** De 2 a 10 mostras: 16,54 €/mostra + 15,00 €/portes (opcional) - Máis de 10 mostras: 16,54 €/mostra e portes gratis.
- **FORMA DE PAGO:** Domiciliación bancaria (*)
- **ACREDITACIÓN DO FEDERADO:** Para acollerse ao desconto os federados deberán indicar o seu nº de licenza federativa no apartado de observacións da solicitud de ensaio.
- **ENVÍO DA MOSTRA:** Unha vez recollidas as mostras, que deberán almacenarse, conservarse e conter os datos identificativos segundo o explicado no apartado de "Almacenamento e conservación da mostra", **os federados ao igual que no caso das mostras individuais poderán optar por levalas persoalmente ou polos seus propios medios ao laboratorio AMSLAB, ou por utilizar o servizo de recollida que o laboratorio pon á súa disposición co custo indicado anteriormente (gratuito para máis de 10 mostras), neste caso deberán contactar con AMSLAB para solicitar a recollida, preferentemente no E-mail recogidas@ams-lab.com ou, de non ser posible, no tlfno. 604049623, indicando o enderezo de recollida e un teléfono de contacto**, podendo solicitarlle nese momento ao laboratorio os formularios indicados no apartado anterior "Documentación a remitir coa mostra" que posteriormente se enviarán xunto coas mostras (os formularios tamén están a disposición dos federados en tódalas sedes da FGC).

(*) *Indistintamente de que as mostras agrupadas pertencen a un ou a varios federados, AMSLAB realizará un único cobro, polo importe total das mostras, na c/c que se indique na orde de domiciliación SEPA que se envíe coas mostras, debendo achegarse igualmente unha única ficha de alta de cliente que deberá coincidir co federado que conste no documento de domiciliación. Con esta documentación deberá remitirse tamén a "Solicitud de ensaio", neste caso de todos os membros do grupo.*

3. MOSTRAS ENTREGADAS DIRECTAMENTE NA FEDERACIÓN:

- **As mostras tamén se poderán depositar directamente en calquera das oficinas da Federación Galega de Caza, sendo por conta da FGC o seu envío ao laboratorio.**
Xunto coas mostras que deberán almacenarse, conservarse e conter os datos identificativos sinalados no apartado anterior de "Almacenamento e conservación da mostra" deberá achegarse o formulario de "Solicitud de ensaio" debidamente cumprimentado e asinado.
- **IMPORTE DA ANÁLISE:** 16,00 €/mostra (portes gratis)
- **FORMA DE PAGO:** Na FGC no momento do depósito da mostra.